

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de marzo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(351).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(352).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DO DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO DEPORTE VIGUÉS NO ANO 2015. EXPTE. 13929/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.15, e o informe de fiscalización do 5.03.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.03.15, conformado polo concelleiro de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de VIDE van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da Sociedade en xeral.

Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de "Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación".

Tendo en conta estes criterios e ás actuacións realizadas dende a Fundación VIDE, considerando que a participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre", e atendendo a que a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano unha subvención con carácter nominativo e directo á propia Fundación VIDE, plántease a presente proposta de resolución para a adxudicación desta subvención por un importe de 125.000,00 euros.

A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento prorrogado de 2014 do Concello de Vigo.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público-social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento prorrogado de 2014 do Concello de Vigo, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación da Fundación VIDE para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2015. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, comprobará o correcto destino da subvención outorgada e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A concesión de subvención implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Técnico responsable do servicio de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente convenio, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención así como a realización da actividade, e o cumprimento da finalidade que a determina.

Para a tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación VIDE, no prazo comprendido entre a notificación da presente resolución, e ata tres meses tras a finalización das actividades vinculadas ó proxecto, deberá de adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

–Conta xustificativa na que conste de forma expresa :

–Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

–Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que ésta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

–Que a Fundación VIDE está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.

–Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

–Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

–Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.

–Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos

análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

–Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

–En relación as aportacións económicas que realiza a Fundación VIDE, será suficiente o documento orixinal da certificación da Doación realizada póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

1º.- A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado pola Fundación VIDE para o ano 2015.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento prorrogado de 2014 do Concello de Vigo.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento prorrogado de 2014 do Concello de Vigo, nas partidas

indicadas, consonte co artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13929/333.

f) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

g) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución á Fundación VIDE, deberá realizarse no prazo comprendido entre a notificación da presente resolución, e ata tres meses tras a finalización das actividades viculadas ó proxecto, para o que VIDE deberá de adxuntar, coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

h) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

l) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

2º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos previos á actividade que ten a Fundación VIDE.

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente de subvención por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización das actividades expostas no proxecto de actividades. En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xá que a solvencia e capacidade da Fundación VIDE, está demostrada pola traxectoria da entidade como organizadora do proxecto de actividades obxecto da subvención dende o ano 2002.*
- O resto do importe abonarase á Fundación VIDE de modo fraccionado a medida que vaian rematando as actividades do proxecto, e tras a presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable. Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado, e previo o abono deste, VIDE deberá xustificar axeitadamente o 50% do importe total da subvención. A axeitada xustificación, a realización da cada unha das actividades parciais e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(353).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 11617/77.

Visto o informe xurídico do 16.02.15, o informe de fiscalización do 23.03.15, e o informe-complementario do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dáse conta do informe-proposta do 12.03.15, do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, do 10.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades deportivas sin ánimo de lucro que operan no ámbito deportivo de Vigo, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2015. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades deportivas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

O desenvolvemento de actividades de fomento do emprego en entidades sin ánimo de lucro, nas que se atopaban engadidas a nivel xeral as entidades deportivas, veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, e conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
 - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
- ..."*

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades sin ánimo de lucro as que estaban dirixidas as convocatorias anteriores, nesta ocasión polas especiais circunstancias que se dan nas entidades, se realiza unha convocatoria específica para as entidades deportivas sin ánimo de lucro para ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento destas entidades.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego nas entidades deportivas e da participación cidadá e, en particular:

Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.

Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das entidades deportivas, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.

Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.

Avaliar os resultados dos programas e actividades sociais realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.

Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos máis desfavorecidos.

Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos nas propias sedes das entidades.

Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades.

Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.

Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).

Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades deportivas, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan iniciado o trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades desenvolvan actuacións de promoción do deporte a través da formación deportiva e do desenvolvemento de actividades deportivas de competición para o deporte base, os cales a través da mellora da empregabilidade potenciarán o oferta deportiva na Cidade de Vigo.

En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- Aprobar as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego en entidades deportivas sin ánimo de lucro”, correspondentes ao ano 2015 que se achegan no Anexo I.

2º.- Aprobar, o gasto, por importe de 300.000,00 € (trescentos mil euros), que se imputarán con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, do vixente exercicio presupostario (2015).

3º.- Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego en entidades deportivas sin ánimo de lucro” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da

LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES DEPORTIVAS SIN ÁNIMO DE LUCRO.

PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades deportivas sin ánimo de lucro que operan no ámbito deportivo de Vigo, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2015. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades deportivas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións deportivas con presenza na cidade de Vigo, de tal xeito que se mellore a prestación de servizos de información, formación e asesoramento as persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A efectos da presente convocatoria, e coa finalidade de ter en conta a diversidade e heteroxeneidade das entidades as que va dirixida, se convocan os programas que deseguido se relaciona en función das súas características cara ao fomento do emprego e a inserción laboral e da mellora no funcionamento das entidades, no cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades:

- Programa I: “Entidades deportivas sen animo de lucro”*

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e da participación cidadá, en particular:

- Facilitar a adquisición de experiencia laboral a persoas en situación de desemprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- Fomentar a contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014.*
- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das entidades deportivas, para mellora do emprego e a defensa de intereses xerais e sectoriais.*
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sin prexuízo da diversidade de actividades programadas.*
- Avaliar os resultados dos programas e actividades socio/deportivos realizados a fin de determinar as necesidades reais existentes.*
- Facilitar a inserción laboral de todos os sectores de poboación e fundamentalmente dos mais desfavorecidos.*

- Fomentar a contratación para o desenvolvemento de actividades, servizos, o emprego de novas tecnoloxías, e os programas formativos para o desenvolvemento da propia actividade deportiva.
- Apoiar ás entidades deportivas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento da inserción laboral e a participación cidadá, nos que se poden incluír calquera das actuacións vinculadas coas propias necesidades da xestión da diversidade dos proxectos destas entidades. ø
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións e o fomento do emprendemento.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades deportivas, sen ánimo de lucro, que en función do programa deberán estar inscritas, nos epígrafes que a continuación se relacionan do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), ou teñan iniciado o trámite de inscrición no servizo de Participación Cidadá que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades desenvolvan actuacións de promoción do deporte a través da formación deportiva e do desenvolvemento de actividades deportivas de competición para o deporte base, os cales a través da mellora da empregabilidade potenciarán o oferta deportiva na Cidade de Vigo.

- Programa I: “Entidades deportivas sen animo de lucro” epígrafes: 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases, e que veñan desenvolvendo actividades de promoción do deporte, cando menos nas ultimas duas tempadas deportivas.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.
5. Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.
6. O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.
7. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
8. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
9. “Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación

Cidadá e Voluntariado "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario de cada entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar e o persoal da entidade solicitante imprescindible para o desenvolvemento das actividades solicitadas, ata un máximo do 50% dos seus custes salariais.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das contratacións, para o desenvolvemento das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de xaneiro e setembro que se revelen como obxectivamente necesarios para que as entidades deportivas poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

1- Programa I: "Entidades deportivas sen ánimo de lucro" epígrafes RMA 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2"

- Custes salariais derivados do persoal contratado con cargo a subvención.*
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado con cargo a subvención.*
- Ata un máximo do 50 % dos custes salariais e de seguridade social a carga da entidade de persoal da entidade, previa xustificación da súa necesidade que deberá quedar suficientemente demostrada no Anexo V, para a dirección e/ou coordinación do proxecto.*
- Gastos financeiros e de xestión relacionados cos contratos do persoal obxecto da subvención. Só poderán imputarse ata un máximo do 1,50% do importe total dos custes salariais e de seguridade social a cargo da entidade.*

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais*
- os gastos de procedementos xudiciais*

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

a) A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2015) é de 300.000,00 € (trescentos mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. distribuídos do seguinte xeito:

1.- Programa I "Entidades deportivas sen ánimo de lucro" epígrafes RMA 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2" 300.000,00 € (trescentos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410. 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal". do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000,00 €.

b) O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

QUINTA.- ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.”

SEXTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación presupostaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

SÉTIMA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.

- *Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- *Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- *Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- *Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando a puntuación mínima na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.*
- *Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.*

2- Con carácter xeral:

- *A non xustificación ou xustificación fora de prazo das subvención do ano anterior.*
- *Aqueles solicitudes de subvención cando sexan achegadas por entidades que non estean debidamente inscritas nos epígrafes establecidos nos programas do Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Aqueles solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vixente exercicio orzamentario.*
- *En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias*
- *Cando a entidade non atende, no prazo de dez (10) días, ao requirimento de presentación de documentación, información o aclaracións, realizado pola Comisión de Valoración, esta propondrá a desestimación da/s solicitude/s de subvención/s*

OITAVA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. *Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.*
2. *Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
3. *Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2015, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento das gastos de contratación e fomento do emprego da asociación e, en xeral, da inserción laboral, o fomento do emprego, do asociacionismo e da participación cidadá.*
4. *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira*
5. *Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
6. *Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.*

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1- As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e no Servizo de Información do Concello de Vigo. Os solicitantes deberán achegar:

a) Anexo I "Solicitud": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos do/a representante legal
- domicilio a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- lugar, data, sinatura e selo

b) Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

c) Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

d) Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

e) Anexo V: "Proxecto de contratacións e actividades a realizar no 2015".

f) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

g) Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, no será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran.

No será preciso a súa presentación, no caso dos certificados de non ter débedas pendentes coas administracións estatal, mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

f) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para

completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

1- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

2- O departamento convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

3- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órganos competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai terásele desistido da súa petición previa resolución.

4- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na Base anterior, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos do art. 48 da LRXAP e PAC.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 38.4 da mesma.

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

- a) Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do deporte co Concello de Vigo: Ata 10 puntos.
Valorarase a colaboración coa concellería de Deportes e co Instituto Municipal dos Deportes, nas nas accións de fomento do deporte, e da formación.*

- b) *Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.*- Ata 10 puntos.
- a) *Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:*
- a) *Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais*
 - b) *Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan ~~interasociativos~~ e incidan no entorno.*
 - c) *Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos, e de forma específica que as propostas de contratación estean dirixidas a menores de 35 anos.*
 - d) *Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.*
 - e) *Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración*
 - f) *No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.*
- c) *Calidade e cantidade dos contratos.*- Ata 30 puntos.
- a) *Número de beneficiarios/as* 1 punto por contrato.
 - b) *O tempo de duración do contrato:*
 - a) *2 meses* 1,00 puntos por contrato.
 - b) *3 meses* 1,25 puntos por contrato.
 - c) *4 meses* 1,50 puntos por contrato.
 - d) *5 meses* 1,75 puntos por contrato.
 - e) *6 meses* 2,00 puntos por contrato.
 - c) *Xornada:*
 - a) *Completa* 1,00 puntos por contrato
 - b) *Reducida superior ao 50% da xornada contrato* 0,85 puntos por contrato
 - c) *Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%* 0,75 puntos por contrato
 - d) *Reducida igual ou inferior ao 15%* 0,35 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

A non xustificación da subvencións outorgadas no 2014 polo procedemento de concorrencia competitiva, ou a súa xustificación fora de prazo, será causa de desestimación da/s solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1- O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta o defectuosa, requirirase á solicitante para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

2- Pola xefatura do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá dispoñerse a realización das oportunas comprobacións sobre a veracidade dos datos achegados polas entidades solicitantes, podendo solicitar os informes que considere necesarios para a mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

3- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos de Desenvolvemento Local e Emprego, que poderán realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e un/unha técnico do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, ós informe emitidos, ás limitacións presupostarias existentes e ós criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución ao órgano concedente, previo informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

7- O órgano instrutor poderá modificar á baixa o periodo de contratación solicitado e/ou o número máximo de traballadores e traballadoras que se vaian subvencionar, segundo entenda xustificadamente o obxecto e necesidade do proxecto, así como as funcións que van levar a cabo as mesmas.

A proposta de modificación realizarase en base a seguinte prelación:

1. Redución do periodo de contratación sempre que non desvirtue os obxectivos do proxecto presentado.
2. Redución da xornada laboral do persoal a contratar ata un mínimo do 50 %"
3. Redución do porcentaxe dos custes salariais do persoal da entidade con cargo ao proxecto"
4. Redución do número de persoas desempregadas a contratar".

8- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria, a resolución motivada do procedemento, que conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, facendo constar, expresamente, a desestimación do resto de solicitudes.

9- A resolución do procedemento poderá notificarse ás entidades beneficiarias, ou ben, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, substituírse dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 59.6.b) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC.

No caso de optar pola notificación, en todo caso, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, publicaranse no BOP as subvencións concedidas, individualmente consideradas, cuxo importe sexa de contía superior a 3.000 €, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado. As que non superen dita contía serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web do Concello.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución polas interesadas ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

10- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 43.3.b) la Lei 30/92 ao respecto.

11- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

12- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no vindeiro exercicio presupostario.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria e unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

- Memoria de actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:
 - Denominación

- *Financiamento.*
- *Contratacións realizadas:*
 - *Novas contratacións:*
 - *Denominación do/s posto/s.*
 - *Perfís profesionais*
 - *Persoas contratadas.*
 - *Periodo de contratación.*
 - *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*
 - *Contratos do persoal da entidade para o desenvolvemento do proxecto:*
 - *Denominación do/s posto/s.*
 - *Perfís profesionais*
 - *Persoas asignadas ao proxecto.*
 - *Periodo de traballo.*
 - *Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.*
- *Nos cursos de formación realizados ao persoal contrato con cargo á subvencións explicitarase:*
 - *Programa do curso.*
 - *Horas de formación.*
 - *Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- *Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.*
 - *Datas e lugar de celebración.*
 - *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.*
- *Memoria de prensa e comunicación.*
- *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.”

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será

preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- *Copia autenticada do contrato.*
- *Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

En todo caso, o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación o desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Antes de proceder ao pago das subvencións, a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, noutro caso a acreditación deberá facerse conforme o sistema xeral a través de certificados que prevé o artigo 22 do R.D 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Así mesmo, deberá comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

DÉCIMO SEXTA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido*
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Segunda.*
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións*
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento*
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases*
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.*
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.*

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrenza de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

DÉCIMO OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego, que actuará como secretario da comisión.
 - b) Dous a membros nomeados pola Xunta directiva da entidade.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa

válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluíra a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Realizar a selección de persoal a contratar, conforme a proposta motivada presentada pola entidade e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 prorrogado, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIXÉSIMA.- A presente convocatoria, cuxa contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(354).- ASISTENCIA DO XEFE DE SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS AO “42º CONGRESO NACIONAL DE PARQUES Y JARDINES PÚBLICOS”, DO 25 AO 28 DE MARZO EN OVIEDO. EXPTE. 7951/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 18.03.15, conformado polo concelleiro de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

A “Asociación Española de Parques y Jardines Públicos” é unha asociación sen ánimo de lucro que se funda no ano 1973 que está formada por profesionais do ámbito da xardinería pública e privada: Concellos, outras Institucións, Colexios Profesionais e Empresas do sector.

O seu obxectivo é promover un mellor coñecemento e profesionalización do sector da xardinería pública, integrando a sociedade nos distintos aspectos e problemática que caracterizan a nosa paisaxe verde urbana.

O contido do congreso detállase no programa oficial adxunto, desenvolvendo en tres xornadas diferentes aspectos tales como a dimensión social, cultural e histórica dos xardíns, paisaxe e medio ambiente, experiencias e iniciativas innovadoras.

Considerando que o Concello de Vigo é socio da Asociación Española de Parques y Jardines Públicos e a necesidade de implantación de sistemas de xestión mais eficientes e sostibles económica e medioambientalmente, considerase necesaria a presenza do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns no congreso que se celebrará na cidade de Oviedo do 24 ao 28 de marzo de 2015.

Dietas en concepto de aloxamento e manutención:

- ◆ Día de saída (24/03/15): 84,67 € correspondentes a ½ dieta de manutención e aloxamento
- ◆ Días intermedios (do 25/03/15 a 27/03/15): 310,11 € correspondentes a 3 dietas completas
- ◆ Día de regreso (28/03/15): 37,40 € correspondentes a dieta de manutención
- ◆ Gastos de locomoción: 76,00 € viaxe de ida (24/03)+76,00 € viaxe de volta (28/03)
- ◆ Gastos de inscrición: 285,00 €

Total: 869,18 €

Os gastos descritos anteriormente irían con cargo as seguintes partidas orzamentarias:

Partida orzamentaria	Día/s	Gasto día/s	Total
1710.231.20.00 (Gastos de locomoción)	24/03/15 28/03/15	76,00 76,00	152,00 €
1710.230.20.00 (Dietas persoal)	24/03/15	84,67	84,67 €
	25-26-27	103,37 x 3	310,11 €
	28/03/15	37,4	37,40 €
1710.162.00.00 (Cursiños de formación)	Gastos de inscrición		285,00 €
TOTAL			869,18 €

Polo anteriormente exposto faise a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Autorizar a asistencia do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns D. Gilberto Moldes Crespo ao "42 CONGRESO NACIONAL DE PARQUES E XARDÍNS PÚBLICOS" a celebrar en Oviedo do 25 ao 27 de marzo de 2015.

2º.- Autorizar o gasto correspondente por asistencia ao Congreso Nacional de Parques y Jardines Públicos en concepto de locomoción, dietas e inscrición a dito Congreso que se desglosa a continuación:

Partida orzamentaria	Día/s	Gasto día/s	Total
1710.231.20.00 (Gastos de locomoción)	24/03/15 28/03/15	76,00 76,00	152,00 €

1710.230.20.00 (Dietas persoal)	24/03/15	84,67	84,67 €
	25-26-27	103,37 x 3	310,11 €
	28/03/15	37,4	37,40 €
1710.162.00.00 (Cursiños de formación)	Gastos de inscrición		285,00 €
TOTAL			869,18 €

3º.- Autorizar o desprazamento ao Congreso Nacional de Parques y Jardines Públicos en vehículo particular do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(355).- PROPOSTA DE PRODUCTIVIDADE POLICÍA LOCAL, MARZO-SETEMBRO 2013. EXPTE. 43635/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.03.15, o informe complementario do intendente xefe da Policía Local do 26.03.15, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, e o informe-complementario da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 26.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, e o informe de fiscalización do 26.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, de data 25.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Recíbese en data 24/03/2015, expediente 43635-212, "Proposta de produtividade Policía Local periodo marzo setembro 2013", asinado polo Intendente Xefe da Policía Local, no que se propón ao Concelleiro-Delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal que, a través do Servizo de Recursos Humanos, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de Acordo:

1º.- Aprobar o gasto de 478.635,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00-PRODUCTIVIDADE, para retribuír en concepto de produtividade ao persoal da Policía Local en atención á actividade extraordinaria, especial interese e rendimento con que desempeñaron as súas funcións durante os meses de marzo a setembro, ambos inclusive, de 2013, e acadaron plenamente os obxetivos propostos, garantir a presenza policial nos eventos sinalados, e prestar un servizo de calidade, socialmente satisfactorio, a través da protección e maximización dos intereses públicos presentes cuxa tutela ten atribuída o Concello a través do servizo de Policía.

2º.- Recoñecer e abonar aos 339 funcionarios de policía que figuran na relación que se reproduce con antecedente VII Anexo de proposta de produtividade marzo-setembro 2013, que comezan por que comezan por Martínez Muñoz, Francisco e remata en Alonso Piñeiro, Juan, as cantidades que para cada un deles se recollen na mesma e que totalizan o gasto aprobado no apartado anterior."

A xustificación para o outorgamento do complemento de produtividade contida no informe baséase en:

- *Carencia de suficientes efectivos para levar a cabo as funcións explicitadas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policía Local de Galicia ao que se engade a complexidade do espazo urbano da cidade en canto á súa extensión, intensidade e variedade de usos (poboación censada de aproximadamente 297.355 habitantes (INE, 2012), extensión do territorio: 109,06 Km², densidade de poboación de 2.726,43 h/q².), e outros condicionantes recollidos no informe. Deste xeito, a citada L.O. 2/86 contempla un cociente de 1,8 policía/habitante o que suporía a necesidade de 174,23 funcionarios mais para acadar dito coeficiente.*
- *Deseño dunha serie de obxetivos e estratexias de desenvolvemento a cumprir polo Servizo da Policía local no primeiro semestre , priorizándose os mesmos segundo o aumento de infraccións ou denuncias observadas nas distintas actividades ou situacións sociais que legalmente son obxecto das nosas funcións executivas de policía e a súa incidencia nos bens xurídicos máis importantes. Ditos obxectivos, así como as súas estratexias de desenvolvemento e resultados están recollidas no informe asinado polo Xefe da Policía Local no seus apartados V e VI, expresando así mesmo que “A prestación da totalidade deste servizo e a obtención plena dos obxetivos propostos, soamente foi posible debido ao gran rendimento, actividade extraordinaria e interese despregado polos axentes que se detallan na proposta de produtividade, no desenvolvemento das tarefas encomendadas”*

Polo tanto, estase a falar do outorgamento dun complemento de produtividade a un total de 339 funcionarios do Servizo da Policía Local, no que se inclúen Intendentes, Inspectores Principais, Inspectores, Oficinas e Policía, dos cales nestes intres 326 atopanse en servizo activo, 2 en comisión de servizo noutros Concellos e 11 funcionarios actualmente xubilados, en atención á actividade extraordinaria, especial rendimento e interese co que desempeñaron as súas funcións e acadaron os obxetivos sinalados nos apartados V y VI, que permitiron garantir a presenza policial nos eventos sinalados no informe, prestar un servizo de calidade, socialmente satisfactorio, a través da protección e maximización dos intereses públicos presentes cuxa tutela ten atribuída este Concello a través do servizo de Policía, todo elo durante o período comprendido de marzo a setembro, ambos inclusive, de 2013.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

*Sen prexuízo do anterior, o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento legislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel **complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo**, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*-A valoración da produtividade deberá realizarse en **función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo**, e no seu caso, co **grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa**.*

-En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local establece no seu artigo 5 que o complemento de produtividade está destinado a retribuír **o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo**. O artigo 5.2 establece que a apreciación da produtividade deberá facerse en función das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desenvolvemento do posto de traballo e obxectivos asociados ao mesmo.*

Polo tanto ,o complemento de produtividade configúrase no ordeamento xurídico como unha remuneración ao especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria , non contempladas a través do complemento específico e ao interese ou iniciativa no desempeño do traballo, non podendo considerarse como unha retribución complementaria inherente a un posto de traballo.

Neste senso sinalar os complementos de produtividade aprobados para o persoal do Servizo da Policía Local correspondentes ao ano 2013 (24556/220 Proposta outorgamento complemento de produtividade persoal policía local 2013, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro 2013, en atención á motivación e circunstancias expostas no informe da xefatura do corpo de data 10/10/2013, expte 25899/220 outorgamento de complemento de produtividade a diversos servizos (policía local, cemiterios, extinción de incendios e salvamento e laboratorio municipal)) , así como as autorizacións e posterior aboamento das xornadas de dispoñibilidade nos meses de outubro, novembro e decembro de 2013, baseadas no Acordo Marco de xornadas de dispoñibilidade para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 05/10/2012, e prorrogado por acordo do referido Órgano en data 04/10/2013.

De xeito reiterativo, nos informes que dende este servizo se ven emitindo a expedientes de produtividade referidos a Policía Local, considerase a imperiosa necesidade de previo estudo analítico dos datos, adoptar as medidas necesarias ao obxecto de disminuír o exceso de xornada do persoal deste servizo, entre as que se consideran a procedencia da realización dun estudo dos servizos realizados nos últimos exercicios, co obxectivo que a Policía Local se ciña, salvo razóns de urxencia, a os seus propios cometidos, dada a situación en canto a efectivos na que se atopa nestes momentos, revisar o pacto de mínimos nos servizos (a presenza de "x" policías locais por turno), xa que poderíase estar xerando unha importante carga en reforzos e servizos extraordinarios en momentos nos que non é imprescindible dita presenza, estudio a fondo dos cuadrantes e os sistemas de descanso das diferentes seccións , dar cumprimento a normativa en canto a xornada anual, revisión das políticas de redución de xornada anual do persoal funcionario, eliminación de servizos extraordinarios non esenciais como pode ser a disminución da policía local en actos protocolarios ou actos non necesarios como procesions, determinados eventos deportivos, festas populares e búsqueda de alternativas como a planificación, a potenciación do voluntariado, etc, así como fomentar que todo o persoal da Policía Local realice funcións operativas que contribúan a disminución dos servizos extraordinarios.

En relación coa proposta efectuada pola Xefatura do Corpo da Policía Local, obxecto do presente expediente administrativo, e no marco do ámbito material propio do Servizo de Recursos Humanos, os funcionarios asinantes entenden encesarío indicar ao órgano municipal competente a necesidade urxente de proceder á realización dun estudo de necesidades da plantilla policial, que permita abordar a necesaria reforma da mesma dende unha óptica técnico-estratéxica acorde ás circunstancias, necesidades e peculiaridades propias dunha cidade como Vigo.

As necesidades puntuais que a xefatura do corpo vén propoñendo como mecanismo de prestación do servizo pódense minorar co incremento da plantilla, en aplicación do establecido no artigo 21 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, que contempla que:

“Oferta de Empleo Público u otro instrumento similar de gestión de la provisión de necesidades de personal

Uno.

1. A lo largo del ejercicio 2015 no se procederá, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo dispuesto en las disposiciones adicionales décima quinta, décima sexta y décima séptima, respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, a la incorporación de nuevo personal, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de plazas de militares de Tropa y Marinería profesional necesarias para alcanzar los efectivos fijados en la Disposición adicional décima cuarta.

La limitación contenida en el párrafo anterior alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la Disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.

*2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, la limitación contenida en el apartado anterior no será de aplicación a los siguientes sectores y administraciones en los que la **tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 50 por ciento**:*

A) A las Administraciones Públicas con competencias educativas para el desarrollo de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, en relación con la determinación del número de plazas para el acceso a los cuerpos de funcionarios docentes.

B) A las Administraciones Públicas con competencias sanitarias respecto de las plazas de hospitales y centros de salud del Sistema Nacional de Salud.

*C) A las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, a aquellas Comunidades Autónomas que cuenten con Cuerpos de Policía Autónoma propios en su territorio, y **en el ámbito de la Administración Local a las correspondientes al personal de la Policía Local, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas.***

En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de la policía local, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas.”

O incremento do número de efectivos en plantilla permitiría reorganizar a prestación do servizo de tal maneira que nos supostos de puntas de traballo ou incremento puntual das necesidades de efectivos e/ou demáis imprevistos que podan xenerarse existan efectivos plenamente dispoñibles sen necesidade de acudir a reforzos, o cal, dende a estricta perspectiva da garantía da seguridade e saúde laboral contemplada como obriga da Administración Pública – na súa condición de empregadora- na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, sen dúbida renundará na melloría na prestación do servizo e función policial.

Cumpre sinalar que nas vixentes Instruccións sobre plantilla e Relacion de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, no seu apartado Terceiro j) figura que, con cargo ao complemento de produtividade aboaranse “Os programas de dispoñibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio das circunstancias motivadoras e os obxectivos a acadar co dito programa.”, polo que os complementos de produtividade propostos deberían axustarse ás condicións establecidas no Acordo Marco do programa de dispoñibilidade, aprobado pola Xunta de Goberno, a súa sesión de data 5/10/2012, sendo responsabilidade directa e competencia exclusiva da Xefatura do Corpo a xestión da prestación dos servizos no marco definido, así como a formulación de proposta de prórroga da vixencia do Acordo, se procedese. Así, no citado Acordo establece o procedemento de autorización de realización das mesmas, establecendose que “A Xefatura da Policía Local solicitará xustificadamente a autorización previa das xornadas de reforzo que sexa necesario realizar en base as previsións das necesidades do servizo e éstas serán autorizadas previo informe da Intervención Xeral da existencia de crédito”. Na Base 32 apartado 2.5 das de execución do orzamento establece así mesmo a fiscalización dos gastos relativos a xornadas de reforzo.

Os incentivos ao rendemento, ao estar cuantificados en función dun rendemento superior ao normal no traballo e destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, corresponde a súa cuantificación en atención a ese superior rendemento e ao grado de participación na consecución de resultados sendo un complemento retributivo que depende da forma, eficacia e empeño que cada funcionario mostre no exercicio do seu posto de traballo, tendo carácter personalista e subxectivo e non consolidable individualmente. Así, a súa asignación debe realizarse en atención a circunstancias variables no tempo, o que implica que non existe dereito ao seu mantemento no tempo e incompatible coa ausencia do posto de traballo.

Dado que o complemento de produtividade, a diferenza doutras retribucións complementarias, depende da obtención dun especial rendemento o ben dun plus no desempeño das súas funcións que ponga de manifesto a actividade extraordinaria o de especial interese ou iniciativa na súa realización, condicións que solo poden darse cando o funcionario preste efectivamente o seus servizos e o faga a pleno rendemento, factores relacionadas directamente coa presenza do funcionario no seu posto de traballo e o cumprimento das súas prestacións cabe salientar a imposibilidade de comprobación si o persoal que figura no listado que se inclúe no expediente 43609-212 estivo en situación de baixa por IT, disfrutou de vacacións, permisos, etc, datos estes últimos dos que no se dispón referidos a Policía Local no Servizo de Recursos Humanos, polo que sería necesario a súa comprobación..

Por outra banda, as vixentes Instruccións sobre plantilla e Relacion de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:

“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran **circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos**, tales como o **especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa** co que desempeña as súas funcións.

A **Xunta de Goberno** establecerá no exercicio das suas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere**, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

1. Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.

2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo organo competente.

3. Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

4. Será estimado mediante **informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,**

Na proposta contida no expediente 43635-212 figuran como **criterio na asignación dos complementos de produtividade propostos a cada un dos funcionarios** que se relacionan no informe, a participación, a través da ampliación voluntaria da súa xornada de traballo, na consecución dos resultados e obxectivos das actuacións recollidas nos Anexos remitidos correlativa cos rendementos individuais, realizándose a asignación das cantidades propostas en función das categorías profesionais dos funcionarios.

Non se realiza o detalle da participación de cada un dos funcionarios propostos nos obxectivos sinalados no apartado V do informe, senon que o grado de participación realizase de xeito xeral nun obxectivo xenérico, sendo as medias de participación, segundo os postos, as seguintes:

POSTO	Media % participación/posto	nº efectivos
INTENDENTE JEFE	100,00	1
INTENDENTE	88,89	1
INSPECTOR PRINCIPAL	92,86	2
INSPECTOR	80,00	15
OFICIAL	76,59	31
POLICIA	65,68	289

Entendese que as circunstancias coxunturais e excepcionais na prestación dos seus servizos reflexadas nas actuacións levadas a cabo polo persoal proposto no período marzo-setembro 2013 en canto ao aumento do volumen de traballo nas tarefas asignadas aos distintos postos, a

actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que estiveron a desempeñar os funcionarios propostos as suas funcións así como o seu grao de participación nos resultados dos obxetivos sinalados nos apartados V e VI do informe de data 23/03/2015 da Xefatura do Servizo, son o orixe do especial rendemento dos funcionarios..

Dacordo ao recollido nas Instrucciones de plantilla vixentes, calquera produtividade que non teña causa nestas ou no Acordo Regulador vixente, requirirá a previa determinación dos criterios obxectivos de asignación pola Xunta de Goberno Local, a proposta debidamente xustificada da Área ou Servizo correspondente que acredite a necesidade e procedencia da súa aprobación. A asignación individualizada do complemento de produtividade deberá ser sometida a debate da Xunta de Goberno Local unha vez aprobados os criterios citados.

En consecuencia, deberá someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local, os parametros de asignación propostos, atendendo aos resultados obtidos nos obxectivos e estratexias de desenvolvemento a cumprir polo Servizo da Policía local contidos no informe do servizo:

POSTO	100% participacion
INTENDENTE JEFE	2.529,00 €
INTENDENTE	2.529,00 €
INSPECTOR PRINCIPAL	1.797,39 €
INSPECTOR	2.247,75 €
OFICIAL	1.999,71 €
POLICIA	2.086,50 €

Segundo informe de data 23/03/2015, propónse pola Xefatura do servizo, responsable da avaliación do rendemento dos efectivos ao seu cargo e o grao de participación de cada un dos funcionarios propostos na consecución dos obxetivos sinalados, a traves da ampliación voluntaria da súa xornada de traballo, a un total de 339 efectivos, debéndose eliminar da proposta aqueles que a data de hoxe non están a prestar os seus servizos neste Concello, ben por baixa por xubilacións ou declaracións de incapacidade laboral permanente ben por estar prestando servizo noutros Concellos en comisión de servizos e que son os seguintes:

Comision de servizos noutros Concellos	
	OFICIAL
POLICIA	SOUTO LOPEZ, IGOR JOSÉ

Xubilados/ I.L a data de hoxe	
	POLICIA
POLICIA	ALVAREZ VAZQUEZ, JESUS
POLICIA	COMESAÑA CABEZAS, ALFONSO
POLICIA	ESTEVEZ SEOANE, JOSE
POLICIA	GARCIA LOPEZ, SIRO
POLICIA	IGLESIAS LORENZO, JESUS
POLICIA	PEREZ RODRIGUEZ, JUAN MANUEL

POLICIA	PORTELA SAAVEDRA, JOSE ANGEL
POLICIA	RELO MARTINEZ, EMILIO
POLICIA	RODRIGUEZ TRONCOSO, FRANCISCO
POLICIA	ROJO MORON, JOSE LUÍS
POLICIA	TORRE GENTIL, PAULINO DE LA

A proposta económica do presente expediente por importe de **461.014,53** aboaríase con cargo a aplicación orzamentaria 920.150.0000 "Productividade" do vixente orzamento prorrogado.

En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"PRIMEIRO.- Aprobar como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade ao persoal do Servizo da Policía Local a participación, a través da ampliación voluntaria da súa xornada de traballo, na consecución dos resultados e obxectivos das actuacións recollidas nos Anexos pola Xefatura do Servizo da Policía Local, no seu informe de data 23/03/2015 que forma parte do presente expediente, correlativa cos rendementos individuais de cada un dos funcionarios propostos.

SEGUNDO.- Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de produtividade a aboar, os seguintes parámetros :

POSTO	100% participación
INTENDENTE JEFE	2.529,00 €
INTENDENTE	2.529,00 €
INSPECTOR PRINCIPAL	1.797,39 €
INSPECTOR	2.247,75 €
OFICIAL	1.999,71 €
POLICIA	2.086,50 €

TERCEIRO.- Acordar o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade aos efectivos que realizaron os servizos indicados con especial adicación, rendimento e interese acreditados e propostos no informe da Xefatura do Corpo de data 23/03/2015, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de **461.014,53 €** en tal concepto, segundo os parámetros obxectivos propostos pola Xefatura do Corpo en data 23/03/2015, en relación que comeza por MARTÍNEZ MUÑOZ, FRANCISCO, e remata por VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO, segundo cadro proposto pola Xefatura do Corpo, incorporado ao expediente administrativo e que forma parte inseparable do presente acordo, ao persoal en servizo activo neste Concello a esta data (Anexo I); outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade". nos termos do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita.

CUARTO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán nin-

gún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

QUINTO.- Instar á Xefatura do Corpo da Policía Local a que con carácter urxente se proceda a efectuar a xestión dos servizo excepcionais conforme aos programas específicos que ao efecto se aproben (acordo Xunta de Goberno de 05/10/2013 e demais de concordante contido).

Notifíquese o presente acordo á Xefatura do Corpo, Concellería-delegada da Área, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquer aoutro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO I

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
1	INTENDENTE JEFE	MARTINEZ MUÑOZ, FRANCISCO	2.529,00 €	100
2	INTENDENTE	CARBALLO ACUÑA, ALBERTO	2.248,00 €	88,89
3	INSPECTOR PRINCIPAL	CARBALLO ACUÑA, FRANCISCO JAVIER	1.540,62 €	85,71
4	INSPECTOR PRINCIPAL	FREIRE ESTEVEZ, ALBERTO	1.797,39 €	100
5	INSPECTOR	ALVAREZ DOMINGUEZ, JOSE MARIA	1.748,25 €	77,78
6	INSPECTOR	ALVAREZ FERREIRA, FRANCISCO JAVIER	2.247,75 €	100
7	INSPECTOR	ARENAS VILLARROEL, SANTIAGO A.	2.247,75 €	100
8	INSPECTOR	BOSQUE ZAPATA, JOSE MANUEL DEL	2.247,75 €	100
9	INSPECTOR	BOUZAS NOVAS, JOSÉ	1.748,25 €	77,78
10	INSPECTOR	GARCIA SILVA, ENRIQUE	1.748,25 €	77,78
11	INSPECTOR	GIL DOMINGUEZ, FRANCISCO A.	1.498,50 €	66,67
12	INSPECTOR	HERRERA OYA, EMILIO RAFAEL	1.248,75 €	55,56
13	INSPECTOR	LÓPEZ ALVAREZ, JAVIER	1.748,25 €	77,78
14	INSPECTOR	MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS	1.748,25 €	77,78
15	INSPECTOR	PEREZ RODRIGUEZ, RAMÓN	1.998,00 €	88,89
16	INSPECTOR	PITILLAS TORRÁ, FRANCISCO JAVIER	1.748,25 €	77,78
17	INSPECTOR	REGUERA RIVERO, MANUEL AGUSTÍN	1.498,50 €	66,67
18	INSPECTOR	RIO DIZ, PABLO DEL	1.998,00 €	88,89
19	INSPECTOR	SAAVEDRA GONZALEZ, RAFAEL	1.498,50 €	66,67
20	OFICIAL	AMOEDO BLANCO, JOSE MANUEL	1.333,14 €	66,67
21	OFICIAL	BLAS FONDOS, JOSE LUÍS	1.333,14 €	66,67
22	OFICIAL	CASAL PIÑEIRO, JULIO	1.555,33 €	77,78
23	OFICIAL	COSTAS PEREZ, DAVID	1.555,33 €	77,78
24	OFICIAL	DOMINGUEZ ALONSO, FRANCISCO	1.777,52 €	88,89
25	OFICIAL	ESTEVEZ ALBELA, JOSE MANUEL	1.555,33 €	77,78
26	OFICIAL	FERNANDEZ SOTELO, JUAN RAMÓN	1.777,52 €	88,89
27	OFICIAL	GARCÍA VEIRO, JOSÉ ARMANDO	1.333,14 €	66,67
28	OFICIAL	GARRIDO DOMINGUEZ, ANGELES	1.777,52 €	88,89
29	OFICIAL	LEIROS ORGE, CARLOS	1.333,14 €	66,67
30	OFICIAL	LOPEZ REY, GERARDO JOSE	1.777,52 €	88,89

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
31	OFICIAL	LOPEZ SANTANA, ANTONIO JOSE	1.506,58 €	75,34
32	OFICIAL	MARON LORENZO, JUAN ANTONIO	1.555,33 €	77,78
33	OFICIAL	MARTINEZ PARDO, SANTIAGO JESUS	1.999,71 €	100
34	OFICIAL	MOO GARCIA, JOSE MANUEL	1.555,33 €	77,78
35	OFICIAL	MORQUILLAS RODRIGUEZ, VICTOR MIGUEL	1.555,33 €	77,78
36	OFICIAL	NEIRA HENCHE, FRANCISCO JAVIER	1.777,52 €	88,89
37	OFICIAL	OTERO SOTELO, MARCOS	1.333,14 €	66,67
38	OFICIAL	PARDO LÁZARA, GERMÁN	888,76 €	44,44
39	OFICIAL	PEREZ CARRERA, CARLOS MARTIN	1.777,52 €	88,89
40	OFICIAL	PORTABALES GONZALEZ, JULIA MONTSE-RRAT	1.110,95 €	55,56
41	OFICIAL	PORTO JUSTO, FRANCISCO JOSE	1.555,33 €	77,78
42	OFICIAL	ROLO SILVA, JOSE LUÍS	1.333,14 €	66,67
43	OFICIAL	SALGADO GONZALEZ, Mª TERESA	1.555,33 €	77,78
44	OFICIAL	SANCHEZ VAZQUEZ, OSCAR MANUEL	1.555,33 €	77,78
45	OFICIAL	VAZQUEZ ALONSO, ALBERTO	1.555,33 €	77,78
46	OFICIAL	VAZQUEZ DOMINGUEZ, JUAN DIEGO	1.555,33 €	77,78
47	OFICIAL	VIEITEZ OITABEN, MARIA JOSE	1.333,14 €	66,67
48	OFICIAL	VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSÉ	1.777,52 €	88,89
49	OFICIAL	VILLAR SALGUEIRO, JAIME	1.555,33 €	77,78
50	POLICIA	ABALDE CASANOVA, JESÚS IVÁN	1.460,55 €	70
51	POLICIA	ABALLE GONZALEZ, MANUEL	1.251,90 €	60
52	POLICIA	AGAHWA MARTÍNEZ, CELINA	1.264,90 €	60,62
53	POLICIA	AIRABELLA MARRA, FRANCISCO JOSE	1.460,55 €	70
54	POLICIA	ALONSO BLANCO, CELSO	1.460,55 €	70
55	POLICIA	ALONSO CARIDE, CONSTANTE	1.877,85 €	90
56	POLICIA	ALONSO COUÑAGO, CÉSAR	417,30 €	20
57	POLICIA	ALONSO DUARTE, DAVID	1.460,55 €	70
58	POLICIA	ALONSO IGLESIAS, MANUEL	625,95 €	30
59	POLICIA	ALONSO IGLESIAS, MARIANO	1.877,85 €	90
60	POLICIA	ALONSO MOREIRA, JOSE LUÍS	1.460,55 €	70
61	POLICIA	ALONSO RODRIGUEZ, JUAN PABLO	1.669,20 €	80
62	POLICIA	ALONSO VILA, ANGEL LUÍS	1.460,55 €	70
63	POLICIA	ALVAREZ CAMPOS, DIEGO	1.251,90 €	60
64	POLICIA	ALVAREZ DOMINGUEZ, MARIA JOSÉ	1.251,90 €	60
65	POLICIA	ALVAREZ GARCIA, JAVIER	1.460,55 €	70
66	POLICIA	ALVAREZ LOUREIRO, ALEJANDRO	1.251,90 €	60
67	POLICIA	ÁLVAREZ PENA, MARÍA	1.877,85 €	90
68	POLICIA	ANTEPAZO BRUN, PABLO	1.486,55 €	71,25
69	POLICIA	ARAUJO SANCHEZ, ANGELES Mª	1.669,20 €	80
70	POLICIA	ARBONES LAGO, GUILLERMO	1.460,55 €	70
71	POLICIA	ARGIBAY CUSI, DIEGO	1.043,25 €	50
72	POLICIA	AVENDAÑO OTERO, BIENVENIDO	1.251,90 €	60
73	POLICIA	BARCIELA FERNANDEZ, DORINDA	1.251,90 €	60
74	POLICIA	BARCIELA RIVERA, MANUEL	1.669,20 €	80
75	POLICIA	BARROSO PARADA, SANTIAGO	208,65 €	10
76	POLICIA	BASTOS BASOA, ESTEBAN	1.251,90 €	60
77	POLICIA	BASTOS GARCIA, JOSE MANUEL	1.460,55 €	70
78	POLICIA	BASTOS RODRIGUEZ, FERNANDO	1.877,85 €	90
79	POLICIA	BECOÑA IGLESIAS, LAUREANO	1.669,20 €	80

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
80	POLICIA	BELLO ROCA, JOSE MARIA	1.460,55 €	70
81	POLICIA	BERGES MARTINEZ, PABLO	1.460,55 €	70
82	POLICIA	BERNARDEZ PEREZ, SERAFIN	1.669,20 €	80
83	POLICIA	BLANCO PÉREZ, JOAQUÍN	1.877,85 €	90
84	POLICIA	BORRAJO RODRIGUEZ, ADOLFO	1.460,55 €	70
85	POLICIA	BOSQUE RODRIGUEZ, JOSE MANUEL DEL	1.669,20 €	80
86	POLICIA	BUENO ALONSO, ABEL	1.669,20 €	80
87	POLICIA	BUGALLO CORRALES, JOSÉ ELÍAS	1.251,90 €	60
88	POLICIA	CABALEIRO VIDAL, MARIO	1.251,90 €	60
89	POLICIA	CALDAS BLANCO, MARCELO	1.669,20 €	80
90	POLICIA	CALVO DIAZ, SANTIAGO	1.669,20 €	80
91	POLICIA	CALVO ESTÉVEZ, DAVID	1.460,55 €	70
92	POLICIA	CAMAÑO MENDUIÑA, MANUEL	1.877,85 €	90
93	POLICIA	CAMPOS CEREIJO, DAVID	1.460,55 €	70
94	POLICIA	CAMPOS FERNANDEZ, ENRIQUE	1.460,55 €	70
95	POLICIA	CAMPOS IGLESIAS, ENRIQUE	1.669,20 €	80
96	POLICIA	CARBALLO RODRIGUEZ, MANUEL	1.669,20 €	80
97	POLICIA	CARDOSO REGUEIRO, MIGUEL ANGEL	1.460,55 €	70
98	POLICIA	CARNERO DÍAZ, LUÍS ALBERTO	1.669,20 €	80
99	POLICIA	CASAL CASAS, ANGEL	1.251,90 €	60
100	POLICIA	CASAS ALDEREGUIA, JOSE Mª	1.460,55 €	70
101	POLICIA	CASAS GONZALEZ, CESAR	1.251,90 €	60
102	POLICIA	CASTIÑEIRAS CORTIÑAS, ALVARO	1.251,90 €	60
103	POLICIA	CASTRO COSTAS, JUAN MANUEL	1.460,55 €	70
104	POLICIA	CASTRO DELGADO, JUAN	1.460,55 €	70
105	POLICIA	CASTRO LOPEZ, JOSE ANTONIO	1.460,55 €	70
106	POLICIA	CAYETANO NAVARRO, ALVARO MIGUEL	1.251,90 €	60
107	POLICIA	CHAMORRO GONZALEZ, JOSE M.	1.460,55 €	70
108	POLICIA	CHANTADA ABOLLO, RAMÓN	1.669,20 €	80
109	POLICIA	CHORÉN PÉREZ, JACOBO	1.669,20 €	80
110	POLICIA	COLMENERO DE LA TORRE, LUÍS	1.877,85 €	90
111	POLICIA	COMESAÑA BARREIRO, JOSÉ MATÍAS	1.043,25 €	50
112	POLICIA	COMESAÑA DENIS, CRISTINA	208,65 €	10
113	POLICIA	COMESAÑA ROSENDE, JORGE ENRIQUE	1.043,25 €	50
114	POLICIA	CONDE FERNANDEZ, JOSE CARLOS	1.460,55 €	70
115	POLICIA	CONDE VAZQUEZ, MANUEL	1.669,20 €	80
116	POLICIA	CORRAL MOLDES, RUBEN	834,60 €	40
117	POLICIA	CORTES BAUTISTA, JOSE MIGUEL	1.669,20 €	80
118	POLICIA	COSTAL GONZÁLEZ, DIEGO	1.043,25 €	50
119	POLICIA	COSTAS ARAN, JUAN	1.251,90 €	60
120	POLICIA	COSTAS BASTOS, ALEJANDRO	834,60 €	40
121	POLICIA	COSTAS FERNANDEZ, ANA BELEN	2.086,50 €	100
122	POLICIA	COSTAS PÉREZ, RUBÉN CARLOS	1.460,55 €	70
123	POLICIA	COUSIÑO SENDIN, JOSE MANUEL	1.669,20 €	80
124	POLICIA	COUSIÑO SENDIN, RAMÓN	1.251,90 €	60
125	POLICIA	COVELO COSTAS, JUAN MIGUEL	1.747,20 €	83,74
126	POLICIA	CUESTA AIACHI, JOSE	1.942,85 €	93,12
127	POLICIA	DAVILA ALVAREZ, ALFREDO	1.251,90 €	60
128	POLICIA	DIAZ JUSTO, PEDRO MICAEL	625,95 €	30
129	POLICIA	DIEGUEZ RAPOSEIRAS, JORGE GILBERTO	1.486,55 €	71,25

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
130	POLICIA	DIOS COSTAS, MIGUEL ANGEL DE	208,65 €	10
131	POLICIA	DOMINGUEZ COSTA, SEVERINO	1.669,20 €	80
132	POLICIA	DOMINGUEZ VÁZQUEZ, DANIEL JOSE MA- NUEL	1.251,90 €	60
133	POLICIA	DOMINGUEZ VEIGA, ADRIÁN	1.460,55 €	70
134	POLICIA	DOMINGUEZ VILA, VICENTE	1.877,85 €	90
135	POLICIA	EIREOS MOREIRA, ESTANISLAO	1.251,90 €	60
136	POLICIA	EIREOS MOREIRA, LUCAS	834,60 €	40
137	POLICIA	EIRIZ DE VICENTE, ROLANDO JOSE	1.669,20 €	80
138	POLICIA	FERNANDEZ CONDE, PERFECTO	1.460,55 €	70
139	POLICIA	FERNANDEZ COSTAS, Mª MERCEDES	1.043,25 €	50
140	POLICIA	FERNANDEZ ESTEVEZ, SEBASTIAN	1.460,55 €	70
141	POLICIA	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, DAVID	1.669,20 €	80
142	POLICIA	FERNANDEZ IGLESIAS, ROBERTO	1.669,20 €	80
143	POLICIA	FERNÁNDEZ LEMOS, TANIA	1.460,55 €	70
144	POLICIA	FERNANDEZ LOPEZ, DAVID	1.482,13 €	71,03
145	POLICIA	FERNANDEZ LORENZO, CARLOS	834,60 €	40
146	POLICIA	FERNANDEZ OSORIO, FRANCISCO JAVIER	1.251,90 €	60
147	POLICIA	FERNANDEZ OTERO, CARLOS	208,65 €	10
148	POLICIA	FERNANDEZ PENA, MIGUEL ANGEL	1.043,25 €	50
149	POLICIA	FERNANDEZ PIN, MARIA JESUS	1.251,90 €	60
150	POLICIA	FERNANDEZ RIOS, JAIME	1.669,20 €	80
151	POLICIA	FILGUEIRA CORREA, FRANCISCO JOSE	1.669,20 €	80
152	POLICIA	FORJANES ALONSO, ANTONIO	2.086,50 €	100
153	POLICIA	FUENTES SANCHEZ, JESUS	1.251,90 €	60
154	POLICIA	FUERTES SANCHEZ, JESUS	1.669,20 €	80
155	POLICIA	GALLEGO LORENZO, OSCAR	417,30 €	20
156	POLICIA	GARCIA CARIDE, RUBEN	1.460,55 €	70
157	POLICIA	GARCIA GIL, ALBERTO	1.251,90 €	60
158	POLICIA	GARCIA GONZALEZ, DAVID	834,60 €	40
159	POLICIA	GARCÍA RODRÍGUEZ, ENRIQUE	1.877,85 €	90
160	POLICIA	GARRIDO RODRIGUEZ, JOSE	1.251,90 €	60
161	POLICIA	GIL FERNANDEZ, JOSE RUBEN	1.942,85 €	93,12
162	POLICIA	GIL GREGORIO, JUAN ANTONIO	1.251,90 €	60
163	POLICIA	GOMEZ FERREIRA, FERNANDO	1.460,55 €	70
164	POLICIA	GOMEZ OTERO, ANTONIO MANUEL	1.669,20 €	80
165	POLICIA	GOMEZ SALGADO, JOSEFA	1.251,90 €	60
166	POLICIA	GONZALEZ ACEA, ABRAHAM	1.460,55 €	70
167	POLICIA	GONZALEZ ARIAS, ANTONIO	1.460,55 €	70
168	POLICIA	GONZÁLEZ CASTILLO, JESÚS MARCO	1.251,90 €	60
169	POLICIA	GONZALEZ FERNANDEZ, PABLO JOSÉ	1.877,85 €	90
170	POLICIA	GONZALEZ GARCIA, KATIA MARIA	1.251,90 €	60
171	POLICIA	GONZALEZ GARCIA, MANUEL	625,95 €	30
172	POLICIA	GONZALEZ GARRIDO, ANTONIO	1.043,25 €	50
173	POLICIA	GONZALEZ GONZALEZ, MANUEL	1.877,85 €	90
174	POLICIA	GONZALEZ MARTINEZ, ALBERTO	1.460,55 €	70
175	POLICIA	GONZALEZ POSADA, LUÍS	1.669,20 €	80
176	POLICIA	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, MIGUEL JOSE	1.460,55 €	70
177	POLICIA	GONZÁLEZ SUÁREZ, CÉSAR	1.877,85 €	90
178	POLICIA	GONZÁLEZ VÁZQUEZ, JORGE	1.669,20 €	80
179	POLICIA	GONZALEZ VAZQUEZ, OSCAR	208,65 €	10

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
180	POLICIA	GREGORIO SELAS, MIGUEL	1.669,20 €	80
181	POLICIA	GUEDELLA FERNÁNDEZ, ANTONIO	1.695,20 €	81,25
182	POLICIA	GUEDELLA GOMEZ, FRANCISCO	1.877,85 €	90
183	POLICIA	GUENAGA CANO, JUAN RAMÓN	834,60 €	40
184	POLICIA	GUTIERREZ GIMENEZ, BRAULIO	1.877,85 €	90
185	POLICIA	HERMIDA ARAUJO, ADOLFO	1.669,20 €	80
186	POLICIA	IGLESIAS COSTAS, FRANCISCO	1.669,20 €	80
187	POLICIA	IGLESIAS FERNANDEZ, CARLOS	1.669,20 €	80
188	POLICIA	IGLESIAS MELEIRO, RUBÉN	1.669,20 €	80
189	POLICIA	IGLESIAS RODRÍGUEZ, UNAY	1.251,90 €	60
190	POLICIA	JIMENEZ ALVARADO, JAVIER	1.460,55 €	70
191	POLICIA	JORGE GARCIA, JAVIER	834,60 €	40
192	POLICIA	JUNCAL LAGOA, MIGUEL ANGEL	1.669,20 €	80
193	POLICIA	JUSTE IGLESIAS, ANTONIO	1.251,90 €	60
194	POLICIA	LAGO MUÑOZ, SONIA	834,60 €	40
195	POLICIA	LEDO SOBRADO, MARINA	1.460,55 €	70
196	POLICIA	LEMONS ABREU, JOSE MANUEL	1.669,20 €	80
197	POLICIA	LEMONS MARTINEZ, JESUS	1.251,90 €	60
198	POLICIA	LOIRA SOTELO, MANUEL	834,60 €	40
199	POLICIA	LOPEZ BURGO, JUAN CARLOS	1.460,55 €	70
200	POLICIA	LOPEZ REIS, DIEGO	1.460,55 €	70
201	POLICIA	LOPEZ VAZQUEZ, ISIDRO	2.086,50 €	100
202	POLICIA	LORENZO ALONSO, ROBERTO	1.512,55 €	72,49
203	POLICIA	LORENZO CAMPO, Mª ISABEL	1.669,20 €	80
204	POLICIA	MACEIRA ACUÑA, JUAN CARLOS	417,30 €	20
205	POLICIA	MACENLLE DIAZ, MARIA DEL PILAR	834,60 €	40
206	POLICIA	MAGALLANES OLMIGOS, JUAN MIGUEL	1.460,55 €	70
207	POLICIA	MALLO ESTEVEZ, JOSE CARLOS	1.460,55 €	70
208	POLICIA	MARCILLA URBANO, RUBÉN	1.251,90 €	60
209	POLICIA	MARTINEZ DAFONTE, SANTIAGO	1.043,25 €	50
210	POLICIA	MARTÍNEZ LINO, PEDRO	1.043,25 €	50
211	POLICIA	MARTINEZ MUÑOZ, MIGUEL ANGEL	1.460,55 €	70
212	POLICIA	MARTINEZ PAMPILLON, PERGENTINO	1.877,85 €	90
213	POLICIA	MARTINEZ PÉREZ, PILAR	1.043,25 €	50
214	POLICIA	MARTINEZ POSADA, VICENTE	1.043,25 €	50
215	POLICIA	MARTINEZ TILVE, JAVIER	1.460,55 €	70
216	POLICIA	MENDEZ PAZ, RICARDO A.	1.460,55 €	70
217	POLICIA	MENDEZ VAZQUEZ, EDUARDO	1.460,55 €	70
218	POLICIA	MOLINA MAGDALENA, FERNANDO	1.251,90 €	60
219	POLICIA	MORAL SOTO, ENRIQUE	625,95 €	30
220	POLICIA	MOREIRA PEREIRA, ARACELI	1.669,20 €	80
221	POLICIA	MOREIRA VALIÑO, RAFAEL	625,95 €	30
222	POLICIA	MOSQUERA FERNANDEZ, ELVIRA	1.043,25 €	50
223	POLICIA	MOURIÑO AMIL, JOSE MANUEL	1.251,90 €	60
224	POLICIA	NOVAS ALDAO, MANUEL	1.460,55 €	70
225	POLICIA	NOVAS MARTÍNEZ, SERAFÍN	1.877,85 €	90
226	POLICIA	OGANDO PAREDES, FRANCISCO JAVIER	1.460,55 €	70
227	POLICIA	OJEA GONZALEZ, ROBERTO	1.669,20 €	80
228	POLICIA	OTERO PENELA, FERNANDO	1.877,85 €	90
229	POLICIA	OTERO PINO, Mª CRISTINA	417,30 €	20

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
230	POLICIA	OTERO VALVERDE, MANUEL	1.043,25 €	50
231	POLICIA	OTERO VILLAR, EZEQUIEL	1.043,25 €	50
232	POLICIA	PARGA BLANCO, RICARDO SANTOS	1.669,20 €	80
233	POLICIA	PASCUAL GONZALEZ, JOSE CARLOS	625,95 €	30
234	POLICIA	PENA GONZALEZ, DAMASO	1.043,25 €	50
235	POLICIA	PENA GONZALEZ, JAVIER	625,95 €	30
236	POLICIA	PEÑA SOLIÑO, AITOR	1.043,25 €	50
237	POLICIA	PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE	1.877,85 €	90
238	POLICIA	PEREIRO SIMÓN, FERNANDO	1.669,20 €	80
239	POLICIA	PÉREZ BARREIRA, XOSÉ ANTÓN	834,60 €	40
240	POLICIA	PEREZ COSTAS, JOSE LUÍS	1.043,25 €	50
241	POLICIA	PEREZ DIZ, JUAN PABLO	1.669,20 €	80
242	POLICIA	PEREZ EIROA, CONCEPCION E.	1.460,55 €	70
243	POLICIA	PÉREZ FERNANDEZ, JOSÉ LUÍS	1.460,55 €	70
244	POLICIA	PEREZ FERNANDEZ, MANUEL	1.877,85 €	90
245	POLICIA	PEREZ LANDESA, MANUEL F.	1.251,90 €	60
246	POLICIA	PEREZ MINIÑO, ELOY	1.043,25 €	50
247	POLICIA	PEREZ MOSQUERA, GABRIEL	1.251,90 €	60
248	POLICIA	PEREZ REGUEIRA, JOSE ANTONIO	1.669,20 €	80
249	POLICIA	PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO	1.512,55 €	72,49
250	POLICIA	PEREZ SOTO, JESUS	1.251,90 €	60
251	POLICIA	PEREZ VAZQUEZ, CARLOS	625,95 €	30
252	POLICIA	PESADO FERNANDEZ, PABLO	1.460,55 €	70
253	POLICIA	PIÑEIRO GOMEZ, JOSEFA	1.460,55 €	70
254	POLICIA	PIÑEIRO PEREZ, ISIDRO	1.460,55 €	70
256	POLICIA	PRADO SIMÓN, GUILLERMO JOSÉ	1.669,20 €	80
257	POLICIA	PRIETO CASAL, CEFERINO	1.460,55 €	70
258	POLICIA	PRIETO GONZÁLEZ, NILO	1.460,55 €	70
259	POLICIA	PRIETO MIRANDA, EMMANUELA	1.877,85 €	90
260	POLICIA	PROL BRION, JORGE	1.460,55 €	70
261	POLICIA	QUINTEIRO VARELA, PABLO	1.929,85 €	92,49
262	POLICIA	RIAL EIRAS, MARTIN	625,95 €	30
263	POLICIA	RIO DIZ, DANIEL DEL	1.460,55 €	70
264	POLICIA	RIVERA ALEN, RAMÓN	1.669,20 €	80
265	POLICIA	RIVERA COUÑAGO, FELIX	1.460,55 €	70
266	POLICIA	RIVERA LOPEZ, DEOLINDA	1.669,20 €	80
267	POLICIA	RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER	1.877,85 €	90
268	POLICIA	RODRIGUEZ CARPINTERO, ELÍAS ISRAEL	1.460,55 €	70
269	POLICIA	RODRIGUEZ CEBRAL, SILVIA	1.251,90 €	60
270	POLICIA	RODRÍGUEZ MONTERO, ISMAEL	1.669,20 €	80
271	POLICIA	RODRIGUEZ POUSA, MATIAS	1.501,63 €	71,97
272	POLICIA	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE	1.460,55 €	70
273	POLICIA	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE MIGUEL	1.460,55 €	70
274	POLICIA	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, JOSÉ	1.251,90 €	60
275	POLICIA	RODRIGUEZ VAZQUEZ, JAVIER	1.043,25 €	50
276	POLICIA	RODRÍGUEZ VILLAR, ÓSCAR	1.460,55 €	70
277	POLICIA	SAAVEDRA GONZÁLEZ, NARCISO	1.460,55 €	70
278	POLICIA	SALGADO GONZALEZ, JUAN CARLOS	417,30 €	20
279	POLICIA	SANCHEZ COMESAÑA, GUSTAVO	1.460,55 €	70
280	POLICIA	SÁNCHEZ FRANCO, DIEGO	1.251,90 €	60

	POSTO	NOME	IMPORTE	% participacion nos obxectivos
281	POLICIA	SANCHEZ PEREZ, GERARDO	1.460,55 €	70
282	POLICIA	SANGIAO FILGUEIRA, SERGIO	1.669,20 €	80
283	POLICIA	SANJUAN PEREZ, JOSE	1.251,90 €	60
284	POLICIA	SANTIAGO GONZALEZ, JUAN JOSE	1.460,55 €	70
285	POLICIA	SANTOS REFOJOS, DAVID	1.251,90 €	60
286	POLICIA	SIERRA CASTELO, JOSE MANUEL	1.669,20 €	80
287	POLICIA	SILVA BLANCO, JOSE	1.251,90 €	60
288	POLICIA	SILVA GONZALEZ, ADOLFO ANDRES	834,60 €	40
289	POLICIA	SIMON TUÑEZ, MIGUEL ANGEL	1.669,20 €	80
290	POLICIA	SORDO GARCÍA, MARÍA TERESA	1.877,85 €	90
291	POLICIA	SOTO RODRÍGUEZ, RICARDO	1.460,55 €	70
292	POLICIA	SUAREZ CARBAJO, ADOLFO	1.251,90 €	60
293	POLICIA	SUAREZ GARCIA, ANTONIO	1.460,55 €	70
294	POLICIA	SUÁREZ PIÑEIRO, DAVID	1.903,85 €	91,25
295	POLICIA	TABOADA PARDO, CELSO	1.669,20 €	80
296	POLICIA	TELLA DOVAL, JOSÉ MARÍA	625,95 €	30
297	POLICIA	TORRADO RODRIGUEZ, ANTONIO	208,65 €	10
298	POLICIA	TOUCEDO ALONSO, JOSÉ	1.460,55 €	70
299	POLICIA	TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE	1.251,90 €	60
300	POLICIA	TRONCOSO DOMINGUEZ, JOSE MANUEL	1.460,55 €	70
301	POLICIA	TRONCOSO PADIN, JUAN JOSE	1.460,55 €	70
302	POLICIA	UBEIRA GROSIO, PATRICIA	1.877,85 €	90
303	POLICIA	VARELA ESTEVEZ, JOSE MANUEL	1.695,20 €	81,25
304	POLICIA	VARELA VILA, JAVIER	1.669,20 €	80
305	POLICIA	VAS COSTA, MANUEL	867,10 €	41,56
306	POLICIA	VAZQUEZ ALVAREZ, MIGUEL	1.460,55 €	70
307	POLICIA	VÁZQUEZ ARIAS, ROBERTO	1.043,25 €	50
308	POLICIA	VAZQUEZ MARIN, ANTONIO	1.669,20 €	80
309	POLICIA	VAZQUEZ MARTINEZ, MANUEL ANTONIO	1.460,55 €	70
310	POLICIA	VEIGA JORGE, JOSE JESUS	1.043,25 €	50
311	POLICIA	VEIGA SOUSA, JOSE ANTONIO	1.501,63 €	71,97
312	POLICIA	VERA ARMADA, JARA MARÍA	1.043,25 €	50
313	POLICIA	VERDE VIEITEZ, JOSÉ MANUEL	1.877,85 €	90
314	POLICIA	VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO	1.460,55 €	70
315	POLICIA	VIDAL LORENZO, LUCÍA	1.251,90 €	60
316	POLICIA	VIDAL MACÍA, RAMÓN	2.086,50 €	100
317	POLICIA	VIGO QUIROS, EMILIO	1.460,55 €	70
318	POLICIA	VILA CAMPOS, PABLO	834,60 €	40
319	POLICIA	VILLA AGULLA, FERNANDO	1.460,55 €	70
320	POLICIA	VILLAR DA VILA, EMILIO JOSE	1.043,25 €	50
321	POLICIA	VILLAR DAVILA, MARIA BEGOÑA	1.460,55 €	70
322	POLICIA	VILLAR FERNÁNDEZ, JOSÉ MANUEL	1.251,90 €	60
323	POLICIA	VILLAR MIGUELEZ, MANUEL	1.669,20 €	80
324	POLICIA	VILLAR SANCHEZ, ENRIQUE	834,60 €	40
325	POLICIA	VILLAR SILVA, AIDA	1.890,85 €	90,62
326	POLICIA	VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO	1.460,55 €	70
		TOTAL IMPORTE	461.014,53 €	

Na ampliación de informe-proposta do 26.03.15, xa referida no encabezado deste acordo, a xefa do Servizo de Recursos Humanos, fai constar o seguinte:

"... rectifícase a contía contida no cadro do apartado segundo da parte dispositiva da proposta de acordo, por canto que donde figura, en cadro de texto, fila segunda, o texto e números "Intendente: 2.529,00 euros" debe figurar "Intendente: 2.248,00 euros" segundo a proposta da Policía Local."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe coa referida rectificación da proposta do acordo.

I

6(356).- COMUNICACIÓN DO X.DO MERCANTIL Nº 2 DA CORUÑA DE DECLARACIÓN DE CONCURSO DE ACREDORES DE COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, SAU (CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS APARCADORIOS SUBTERRÁNEOS DA AVDA. CASTELAO, RÚA JENARO DE LA FUENTE E RÚA ROSALÍA DE CASTRO). EXPTE. 636/449.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 24.03.15, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, Transportes e Contratación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 21 de maio de 2007, a Xunta de Goberno local acordou a adxudicación do lote 2 do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao a favor da mercantil Puentes y Calzadas Grupo de empresas, S.A., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteprojectos aprobados por acordo da Xunta de Goberno local do 14 de agosto de 2006.

SEGUNDO.- Con data do 21 de xuño de 2007, a empresa Puentes y Calzadas Grupo de empresas, S.A. presenta solicitude na que indicaba *"a constitución da sociedade concesionaria específica para o contrato adxudicado é moi conveniente para o financiamento do proxecto"* e pedía *"que o órgano de contratación, a Xunta de Goberno local, acorde completar o acordo de adxudicación no senso de:*

a)*Precisar que se ben a adxudicación do lote 2 do concurso é a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., esta constituirá unha sociedade concesionaria, unipersonal, á que achegará o capital comprometido e coa que se outorgará o contrato adxudicado.*

b)*Unha vez constituída a sociedade concesionaria unipersonal de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., substituíranse os avais constituídos como garantía definitiva".*

En resposta a esta solicitude, a Xunta de Goberno local, na data 6 de agosto de 2007, adoptou o seguinte acordo:

"Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y

Calzadas S.A. e extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por asi constar na proposición gañadora do concurso”

formalizándose o contrato en data 10 de outubro de 2007.

TERCEIRO.- Á vista das solicitudes do concesionario de datas 29 de outubro e 9 de novembro de 2007, a Xunta de Goberno local, en data 18 de febreiro de 2008 adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a execución simultánea das obras correspondentes ós aparcadoiros das rúas Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao condicionadas ó cumprimento dos seguintes requisitos:

Antes do comezo das obras estas deberán estar axeitadamente sinalizadas e cun plan de información que deberá ser aprobado polo Departamento de Tráfico.

- *Non pode ocasionar prexuízos ó transporte colectivo urbano en canto a circulación e paradas.*
- *Deben garantirse o subministro de servizos, accesos a garaxes e seguridade nas beirarrúas peonís nas zonas afectadas.*
-

2º.- Aprobar os axustes nas trazas dos aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao propostas por D. Pablo Couto López, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A, en escrito de data 9 de novembro de 2007, e detalladas no fundamento xurídico III do corpo deste escrito, salvo a referente a saída do aparcadoiro de Jenaro de la Fuente descrita como saída 1 “situada na rúa Jenaro de la Fuente, na marxe esquerda sentido Travesía de Vigo-Aragón, no comezo da rúa dende Travesía de Vigo. Dando saída ó tráfico cara a rotonda de María del Carmen” que deberá reubicarse tendo en conta as observacións efectuadas polo Sr. Xefe da Área de mobilidade e seguridade (...)”

CUARTO.- En data 17 de marzo de 2008, e ante a solicitude formulada por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., a Xunta de Goberno local unicamente lle autorizou a constitución dunha hipoteca nos seguintes termos:

“Autorizar a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. a constitución dunha hipoteca sobre a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Jenaro de la Fuente, Rosalía de Castro e avenida Castelao de que é titular condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1) O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2) A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional que é de 50 anos a partir da acta da comprobación das obras do respectivo aparcadoiro”.*

QUINTO.- En data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno local, acordou, tamén como consecuencia das solicitudes de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.:

“1º.- Modificar o artigo 2.3 do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade, o cal quedaría coa seguinte redacción:

“As capacidades mínimas dos aparcadoiros serán as seguintes:

- *Lote 1: Rúa Areal 320 prazas, Rúa Policarpo Sanz 560 prazas e Rúa Pintor Colmeiro 390 prazas.*

➤Lote 2: Avenida de Castelao 366 prazas, Rúa Jenaro de la Fuente 445 prazas e Rúa Rosalía de Castro 312 prazas mais 70 prazas de uso exclusivo para residentes en aparcadoiro contiguo exento e vinculado. ”

2º.- Modificar a traza do aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro conforme ó Plano que se adxunta ó presente informe.

3º.- Someter o proxecto construtivo do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro, presentado por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en data 2 de agosto de 2011, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Couto López, visado no colexio oficial, con visado nº-24470 do 01/08/2011 ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Unha vez obtido o ditame de incidencia ambiental será sometido á aprobación deste órgano de contratación co obxecto de proceder ó seu replánteo e a posterior execución do mesmo.

4º.- Denegar a solicitude de reequilibrio económico financeiro da concesión, formulada por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en escrito de data 29 de outubro de 2010, por canto non procede revisar o equilibrio da concesión neste intre procedimental polas razóns expresadas no fundamento xurídico V e non ter relación coa modificación do que versa esta proposta.

5º.- Requirit á Concesionaria a reanudación, no prazo dun mes, da construción do aparcadoiro de residentes anexo ó aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro con apercibimento de imposición de penalidades en caso de incumprimento.

6º.- Dar traslado do proxecto construtivo citado á Xerencia Municipal de Urbanismo para a tramitación do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

7º.- Dar traslado do presente acordo á Concesionaria e ós servizos municipais implicados.”

SEXO.- En data 18 de decembro de 2012, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., solicita que se declare a resolución do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao, do cal a súa representada é adxudicataria, por causas sobrevidas e imprevisibles que fan inviable a súa execución, e se proceda a liquidación do contrato e o posterior pago das inversións realizadas e da indemnización correspondente ó importe da prestación deixada de realizar polo concesionario.

Na data 19 de abril de 2013 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Denegar a solicitude de resolución do contrato de concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, formulada por D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., mercantil concesionaria, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de decembro de 2012, polas causas expostas nos fundamentos xurídicos do corpo deste escrito”.

SÉTIMO.- COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. presentou recurso contencioso-administrativo contra os anteriores acordos da Xunta de Goberno local de 8 de marzo de 2013 e de 19 de abril de 2013, que foi desestimado por Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo de data de 25 de marzo de 2014 no procedemento ordinario 96/2013, confirmada pola STSX de Galicia do 2 de outubro de 2014.

OITAVO.- Mediante Edito publicado no BOE nº 28 do 2 de febreiro de 2015 tivo coñecemento este Concello de que polo Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña do 23 de decembro de 2014 a empresa Cocheras Olivicas de Puentes, SAU, con CIF A-36997765, foi declarada en concurso voluntario de acredores.

NOVENO.- Na data 12 de febreiro de 2015 tivo entrada no Rexistro xeral do Concello comunicación da rexistradora da Propiedade pola que comunica que na data 30 de xaneiro de 2015 foi practicada a Anotación preventiva do concurso voluntario do debedor Cocheras Olivicas de Puentes, SAU, en relación coa concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun aparcadoiro subterráneo na rúa Jenaro de la Fuente, tramo comprendido entre a travesía de Vigo e a rúa Aragón en Vigo.

DÉCIMO.- Á vista do anterior, o Concello, como titular da concesión administrativa, adoptou as seguintes medidas:

- 1) Comparecer no procedemento do concurso voluntario 0000556/2014 mediante escrito rexistrado xudicialmente o 2 de marzo de 2015, comunicando na data 6 de marzo de 2015 o Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña que se ten por comparecido ao Excmo. Concello de Vigo.
- 2) Solicitar na data 9 de febreiro de 2015 informe á Dirección de Ingresos sobre posibles débedas tributarias da mencionada empresa, informando a Dirección de ingresos que figura como suxeito pasivo do imposto polos inmobles con referencia catastral 1844501NG2714S 0001QQ e 4458401 IX por importe de 15.338,38 € e 16.587,75 € correspondente ao exercicio 2014 , estando aínda en período voluntario de cobranza.
- 3) Solicitar informe á Recadación Executiva, que foi emitido na data 9 de febreiro de 2015 e segundo a cal non figura ningunha débeda esixible legalmente.
- 4) Solicitar informe á Policía Local sobre o funcionamento dos dous aparcadoiros construídos, informando na data 6 de marzo de 2015 que os aparcadoiros públicos situados na avenida de Castela e na rúa Jenaro de la Fuente realizan a súa actividade normalmente, emitíndose novo informe na data 18 de marzo nos mesmos terminos.
- 5) Solicitar informe ao inspector de obras en relación co aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro, informando o 19 de marzo de 2015 que as obras do aparcadoiro de uso mixto non foron iniciadas e as obras do aparcadoiro de residentes non foron concluídas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Segundo a disposición transitoria primeira do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), este contrato rexerese polo disposto no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas (TRLCAP), ao terse adxudicado (21 de maio de 2007) con anterioridade á súa entrada en vigor (30 de abril de 2008).

SEGUNDO. De conformidade co apartado 7 do artigo 112 do TRLCAP (apartado redactado pola lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal -BOE núm. 164, do 10 de xullo-), "en caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquela para a súa execución".

(En igual sentido o actual apartado 5 do artigo 224 do TRLSP establece:

“ no caso de declaración do concurso e mentres no se produza a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestare as garantías suficientes a xuízo daquela para a súa execución”.)

Á vista do resultado da inspección realizada pola Policía local, semella que a estas datas non é precisa a esixencia de garantías adicionais a efectos da correcta execución da prestación de servizo nos aparcamentos construídos, non obstante, aos efectos de controlar a continuidade do servizo e o seu funcionamento normal, propónse que pola Policía local se realice a inspección semanal para garantir o correcto funcionamento dos aparcadoiros da Avenida de Castelao e da rúa Jenaro de la Fuente únicos construídos e abertos ao público.

TERCEIRO. Neste caso, tamén aos efectos do art. 112.7 do TRLCAP, debe terse en conta que, ademais de que os aparcadoiros están funcionando con normalidade, que a empresa que formulou a oferta e que resultou adxudicataria foi a empresa PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A., adxudicataria por acordo da Xunta de Goberno local do 21 de maio de 2007, coa solvencia que acreditou documentalmente. E que, ao abeiro do artigo 53 do TRLCAP aplicable en virtude da antedita transitoria primeira, os contratos perfecciónanse mediante a adxudicación realizada polo órgano de contratación competente, calquera que sexa o procedemento ou a forma de adxudicación empregados.

Ademais PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A. solicitou que o acordo de adxudicación se completara tamén a unha sociedade unipersonal a constituír coa que se formalizaría o contrato adxudicado porque “a constitución da sociedade concesionaria específica para o contrato adxudicado e moi conveniente para o financiamento do proxecto” e é a única accionista da empresa Cocheras Olivicas de Puentes SAU con CIF A-36997765.

No entanto, como o art. 59 do TRLCAP (ao igual que o actual 210 do TRLCSP) recolle a potestade de interpretación dos contratos, propónse iniciar o procedemento para exercer prerrogativa de interpretación do contrato sobre a natureza da sociedade COCHERAS PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A., así como respecto das responsabilidades da adxudicataria PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A. respecto da completa e correcta execución do contrato.

CUARTO. Resulta competente a Xunta de Goberno local en canto órgano de contratación consonte ao disposto na disposición adicional 2ª.3 do TRLCSP e, polo tanto para personarse, ao competerlle o exercicio as accións xudiciais e administrativas, consonte ao disposto no art. 127.1.j) da LRBRL.

Polo exposto, fórmase a seguinte PROPOSTA DE ACORDO á Xunta de Goberno local:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento, como órgano de contratación municipal, de que polo Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña foi ditado auto na data 23 de decembro de 2014 de declaración de concurso voluntario do debedor Cocheras Olivicas de Puentes, SAU, con CIF A-36997765, empresa á que se fixo extensivo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 21 de maio de 2007 polo que se adoptou a adxudicación da concesión do servizo público de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcadoiros subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A., por así constar na proposición gañadora do concurso.

SEGUNDO.- Tomar coñecemento de que á vista do mesmo foron adoptadas as seguintes medidas:

1) Comparecencia no procedemento do concurso voluntario 0000556/2014 seguido perante o Xulgado do mercantil nº 2 da Coruña, que tivo por personado ao Concello de Vigo por Dilixencia de Ordenación de 6 de marzo de 2015.

2) Comprobación da existencia de débedas na Dirección de ingresos en na Recadación executiva:

- Informe da Recadación Executiva, que foi emitido na data 9 de febreiro de 2015 e segundo a cal non figura ningunha débeda esixible legalmente.

- Informe a Dirección de Ingresos que figura como suxeito pasivo do imposto polos inmobles con referencia catastral 1844501NG2714S 0001QQ e 4458401 IX por importe de 15.338,38 € e 16.587,75 € correspondente ao exercicio 2014 , estando aínda en período voluntario de cobranza.

3) Comprobación sobre o estado de execución do contrato:

- Informe de data de 6 de marzo de 2015 da Policía Local sobre o funcionamento dos dous aparcadoiros construídos, segundo o cal os aparcadoiros públicos situados na avenida de Castelao e a rúa Jenaro de la Fuente realizan a súa actividade normalmente.

- Informe do inspector de obras de que en data 19 de marzo de 2015 as obras do aparcadoiro de uso mixto da rúa Rosalía de Castro non foron iniciadas e as do aparcadoiro de residentes non foron concluídas

TERCEIRO.- Ratificar a comparecencia no citado procedemento do concurso voluntario 0000556/2014 seguido perante o Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña.

CUARTO.- Ordenar á Policía local a inspección semanal para garantir o correcto funcionamento dos aparcadoiros da Avenida de Castelao e da rua Jenaro de la Fuente construídos e abertos ao público.

QUINTO.- Iniciar o procedemento para exercer a prerrogativa de interpretación do contrato (art.59 TRLCAP) sobre as responsabilidades de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A. respecto da completa e correcta execución do contrato ao ser a empresa que formulou a oferta que resultou adxudicataria e coa que se perfeccionou o contrato e a única accionista da sociedade COCHERAS PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A., dándolle traslado para o efecto aos técnicos de Administración Xeral , D^a Beatriz Barbará Rodríguez e D. Francisco Javier González-Yebra Pimentel .

SEXTO.- Dar traslado do presente acordo a empresa PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS S.A., por ser a adxudicataria da concesión polo acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de maio de 2007, á empresa COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A., en virtude do contido do acordo da Xunta de data 6 de agosto de 2007, ao Administrador concursal e ao Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(357).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO SITO NA PORTA DO SOL DA QUE E CONCESIONARIO “INTERPARKING HISPANIA S.A.” POR CUMPRIMENTO DO PRAZO. EXPTE. 618/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 11.03.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, Transportes e Contratación, que di o seguinte:

PROPOSTA DE DATA 11 DE MARZO DE 2015

---Na data 11 de marzo de 2015 , formulouse a seguinte proposta :

En cumprimento da Resolución do Concelleiro-Delegado de Fomento e Transportes de data 9 de marzo de 2015, formulase o seguinte :

INFORME-PROPOSTA

IANTECEDENTES :

1.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, na sesión celebrada o 31 de marzo de 1970, adxudicou a construción e explotación en réxime de concesión administrativa do aparcamento subterráneo de vehículos sito na Porta do Sol (na citada data praza de Capitán Carrero) a “ESTACIONAMENTOS GALLEGOS, S.A” (EGASA).

2.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, na sesión ordinaria celebrada o 3 de marzo de 1995, autorizou a “ESTACIONAMENTOS GALLEGOS, S.A” a constitución dunha hipoteca sobre a concesión administrativa do aparcamento subterráneo. En devandito acordo plenario, consta literalmente que para *“garantir os dereitos derivados da concesión no momento da reversión, dita hipoteca deberá ser cancelada o 31 de marzo de 2010 do conformidade co disposto no artigo 3 do prego de condicións .*

3.- Por acordo plenario de 28 de decembro de 2001 recoñeceuse a “Interparking Hispania, S.L” como a titular da concesión administrativa de construción e explotación do aparcadoiro subterráneo sito na Porta do Sol tralo cambio de nome social de “Central Park, Aparcamientos y Servicios Urbanos, S.L” que anteriormente absorbeu a “Estacionamientos Gallegos, S.A”

4.- O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, no acordo plenario de 29 de xullo de 2002, toma coñecemento e acepta a transformación de “Interparking Hispania, S.L” en sociedade anónima, quedando coa denominación de “Interparking Hispania, S.A”, segundo acordos adoptados pola xunta xeral extraordinaria de socios en datas 26 e 28 de novembro de 2001 e que foron elevados a públicos en escritura autorizada pola notaria D^a M^a Isabel Gabarró Miquel, en data 30.12.2001, baixo o nº 4329 do seu protocolo.

5.- De conformidade co disposto no acordo de adxudicación da concesión de data 31 de marzo de 1970, esta finaliza o 31 de marzo de 2015 data ratificada polo Acordo Plenario de data 3 de marzo de 1995.

6.- O Concelleiro Delegado de Fomento e Transportes na resolución de data 9 de marzo de 2015 resolveu :

1º.- Iniciar o expediente para contratación da xestión do servizo público en réxime de concesión, para a explotación do aparcadoiro sito na Porta do Sol, baixo a coordinación da Xefa do servizo de Transportes por corresponder a este servizo a competencia en materia de aparcadoiros e que polo citado servizo se redacte o regulamento do servizo.

2º.- Proceder á contratación con empresa que conte coa capacidade para contratar coa Administración e a habilitación profesional precisa para a redacción dos anteproxectos de explotación e obra referidos ao dito aparcadoiro.

3º.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a prórroga do contrato vixente que remata o 31 de marzo de 2015 por un prazo de 6 meses, en tanto se tramita o novo expediente de contratación.

4º.- Antes de proceder a remitir o expediente ao Servizo de Contratación para a redacción do prego de condicións administrativas particulares e trala aprobación do regulamento do servizo, o anteproxecto de explotación e de obras e o prego de

prescricións técnicas, procederáse por esa Concellería a determinar os aspectos discrecionais que deben incluírse no prego de cláusulas administrativas particulares.

III NORMATIVA APLICABLE:

-Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 9 de xaneiro de 1953: RCCL.

-Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas: LCAP

-Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro: LRXPAC

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- O art. 59 do RCCL establece literalmente que:

"1. Los contratos referentes a servicios o suministros que tenga por objeto atender necesidades permanentes podrán ser prorrogados en su término final por la Corporación, obligatoriamente para el contratista, hasta que, realizadas dos subastas consecutivas o un concurso, según procediere, se encuentre aquélla, a falta de licitador, en las condiciones eximente de ambas formas de contratación.

2. Esta prórroga se extenderá hasta que el nuevo contratista se haga cargo del servicio o la Corporación interesada comience a prestarlo por administración, sin que pueda exceder en ningún caso de seis meses."

Por acordo plenario de 19 de xaneiro de 1970 aprobouse o prego de condicións para o concurso de construción e explotación do aparcamento soterrado para vehículos da Porta do Sol, sen que figure neste prego regulación sobre a prórroga do contrato.

Considerando que o prazo da concesión vence o vindeiro 31 de marzo de 2015, segundo consta no acordo plenario firme de data 3 de marzo de 1995, , a tenor do disposto no art. 59.1 do RCCL procede prorrogalo contrato ata que o novo contratista se faga cargo do servizo sen que en ningún caso poda exceder de seis meses, o sea do 30 de setembro de 2015.

A concesión deberá prorrogarse nas mesmas condicións que estaba a prestación ata o 31 de marzo de 2015 -

2.- A Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas derogou entre outras disposicións o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 1953. De conformidade co disposto na disposición transitoria primeira de dita Lei 13\1995, os expedientes de contratación en curso nos que non se tivese producido a adxudicación rexeríanse polo disposto na Lei 13\1995. En consecuencia, se a adxudicación do contrato realízase trala súa entrada en vigor, resulta de aplicación a Lei 13\1995 á execución do contrato (Vid. STSJ Com. de Madrid nº 121\2004, de 3 de febreiro (RJCA 2004\800).

Non obstante e considerando que o contrato administrativo adxudicouse 31 de marzo de 1970 a normativa aplicable ao suposto en estudio está constituída polo RCCL de 9 de xaneiro de 1953.

De conformidade co disposto na disposición adicional segunda numero 3 do Real Decreto Legislativo 3 / 2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector publico , as competencias en materia de contratación nos municipios de gran poboación nos que se encontra incluída a cidade de Vigo , corresponden a Xunta de Goberno Local , calquera que sexa o importe do contrato e a duración do mesmo .

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos sometese a aprobación da Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Prorrogar ao abeiro do previsto no art 59 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 9 de xaneiro de 1953 a concesión administrativa do aparcamento subterráneo de vehículos, sito na Porta do Sol , da que e concesionaria "Interparking Hispania, S.A", ata que o novo contratista se faga cargo do servizo sen que en ningún caso poda exceder dita prórroga de seis meses, finalizando, en todo caso, o 30 de setembro de 2015 .

SEGUNDO : Notificar o presente acordo á concesionaria "Interparking Hispania, S.A" indicándolle que o mesmo pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro.

Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición polo interesado de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

INFORME DE INTERVENCION

-- Na data 19 de marzo de 2015 foi emitido informe pola Intervención Municipal que nas conclusións dicía o seguinte :

Hai que ampliar a xustificación en relación co Prego de Cláusulas Administrativas e a súa previsión da prórroga , xa que a aplicación directa do artigo 59 do Regulamento De Contratación das Corporacións Locais, ten limitacións aos supostos.

Así mesmo, hai que avaliar e xustificar as causas polas que en situación de prórroga do contrato , o concesionario gaza das mesmas condicións económicas , cando non en que imputar o custe de recuperación do investimento e do custe financeiro ,

AMPLIACION DE INFORME DO SERVIZO

Na data 24 de marzo de 2015 foi emitido polo servizo o seguinte informe :

Examinado o contido do informe da Intervención de data 19 de marzo de 2015 infórmase o seguinte :

LEGALIDADE DA PRORROGA :

No prego de condicións que rexe a concesión, non esta prevista a prórroga do contrato tal e como figura no informe-proposta de data 11 de marzo de 2015 . (axuntase fotocopia do PCAP). O peche do aparcadoiro, dada a ausencia de prazas de aparcamento en superficie na zona, suporía un perxuízo para os usuarios e residentes que o utilizan na actualidade,

Considerase que a posibilidade de acordar unha prórroga de 6 meses tal e como se contempla no artigo 59 do regulamento de contratación das Corporacións Locais de 9 de xaneiro de 1953, texto legal aplicable ao contrato considerando a data de adxudicación do mesmo (31 de marzo de 1970) e de aplicación no presente caso xa que por Resolución de data 9 de marzo de 2015

iniciouse o expediente para a contratación da concesión do servizo publico do citado aparcadoiro polo procedemento aberto, e o citado texto así o contempla no paragrafo 2 : “ata que o novo contratista poida facerse cargo do servizo” sen que poida exceder en ningún caso de seis meses .

CONDICIONS ECONOMICAS :

En relación coas condicións económicas do contrato durante o período da prorroga, efectivamente, e por terse producido polo transcurso do prazo contractual a recuperación da amortización técnica e financeira do investimento, de conformidade co informado polo Interventor , propónse que a o canon corresponde aos seis meses engadase o importe correspondente a amortización técnica e financeira. Unha vez notificada a empresa concesionaria o Acordo da prorroga , debera aportar a documentación necesaria para o calculo das citadas cantidades .

Polo exposto e para recoller as condicións económicas polas que debe rexerse o período da prorroga, formulase unha nova **PROPOSTA DE ACORDO** a Xunta de Goberno Local :

PRIMEIRO: Prorrogar ao abeiro do previsto no art 59 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais de 9 de xaneiro de 1953 a concesión administrativa do aparcamento subterráneo de vehículos, sito na Porta do Sol , da que e concesionaria “Interparking Hispania, S.A”, ata que o novo contratista se faga cargo do servizo sen que en ningún caso poda exceder dita prórroga de seis meses, finalizando, en todo caso, o 30 de setembro de 2015 ; debendo engadirse ao canon correspondente aos seis meses as cantidades correspondentes a amortización técnica e financeira.

SEGUNDO : Notificar o presente acordo á concesionaria “Interparking Hispania, S.A” indicándolle que o mesmo pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro.

Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición polo interesado de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.